

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 25 DE ABRIL DE 2013.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

- D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D<sup>a</sup>. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na sala de reunións da Casa do Concello de Balmorta, sendo as 20:00 horas do día vinte e cinco de abril de dous mil trece, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Anabel Corral Corral

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta de sesión ordinaria do Concello Pleno celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil trece, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo

que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o sr. Alcalde presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás actas das sesións anteriores.

Polo concelleiro do grupo municipal do PP, Don Antonio Duro Costoya, solicítase rectificación da acta da sesión anterior no punto 1, párrafo primeiro, indicando que onde figura: “... o Pleno municipal por unanimidade con dez votos a favor, seis dos concelleiros do grupo municipal do Psd G- PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto...” Debe figurar: “... o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do Psd G- PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto...”

No punto 9, párrafo terceiro, indica que onde figura: “... o Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do Psd G- PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto...” Debe figurar: “... o Pleno municipal por unanimidade con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do Psd G- PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto...”

Sometido este asunto a votación, a Corporación, por unanimidade, ACORDA aprobar o Borrador da sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2013, coas rectificacións sinaladas anteriormente.

## **2.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE DE MC Nº 5/2013 CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2013**

Pola secretaria dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratameto e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse ao Pleno, que polo mesmo se aprobe inicialmente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 5/2013, con fundamento na seguinte  
EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese ao Pleno o a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar inicialmente o expediente nº 5/2013 de Créditos extraordinarios financiados con remanente líquido de tesorería para gastos xerais por un importe global de 914,95 € conforme ó seguinte detalle:  
Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ. 32/625.00

CONCEPTO Educacion. Inwestimentos

IMPORTE 914,95 €

-2º.- Financia-lo expediente n º 5/2013 de crédito extraordinario mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 914,95 euros.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Boimorto, a 19 de abril de 2013.

O ALCALDE

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez.>>

Sen mais intervencións por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, o Pleno municipal **ACORDOU**:

1º. Aprobar inicialmente o expediente n º 5/2013 de Créditos extraordinarios financiados con remanente líquido de tesorería para gastos xerais por un importe global de 914,95 € conforme ó seguinte detalle:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ. 32/625.00

CONCEPTO Educacion. Inwestimentos

IMPORTE 914,95 €

2º.- Financia-lo expediente n º 5/2013 de crédito extraordinario mediante o Remanente Líquido de Tesourería para GASTos xerais por importe total de 914,95 euros.

3º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

### **3.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS Á NATALIDADE**

Pola secretaria dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratameto e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

## <<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS A NATALIDADE

Vista a Ordenanza con BASES REGULADORAS PARA A ANUALIDADE 2013: PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS Á NATALIDADE.

Visto que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servicios das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta alcaldía, propónse ó Concello en Pleno aceptar a urxencia desta proposición sen dictaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda á natalidade da anualidade 2012, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas á natalidade que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

### **ANEXO:**

.....

Explica brevemente a Alcaldía esta subvención.

Sen máis intervencións por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o grupo municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda á natalidade da anualidade 2012, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas á natalidade que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días

hábeis, que comencarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO**

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS PARA O APOIO Á NATALIDADE**

#### **1. OBXECTO.**

O obxecto das medidas contempladas na presente ordenanza será, por un lado, establecer medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Boimorto e por outro, diseñar mecanismos que axuden a fixar a poboación no Concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

#### **2. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que estén empadroados en Boimorto e que teñan ou adopten un fillo/a e cumpran os seguintes requisitos:

1.-Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no Concello de Boimorto cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.

2.-Os nenos/as nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Boimorto.

3.-O pai/nai ou ámbolos dous deberán comprometerse a seguir empadroados no Concello, tanto eles como os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.

4.-O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que tanto os beneficiarios como os seus fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Boimorto.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.

#### **3. TIPOS E CUANTIAS DAS AXUDAS.**

1.-As axudas serán como máximo de 300 euros por cada fillo nacido ou adoptado entre o 1 de decembro de 2012 e o 30 de novembro do 2013

2.-No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha minusvalía recoñecida nun grao igual ou superior ó 33% a cuantía da axuda poderá chegar a 500 euros.

#### **4. FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (anexo I) presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación (por duplicado exemplar, un deles orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, expedido polo Concello, donde figure a data de alta no padrón de habitantes.
- 2.-Fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI do solicitante.
- 3.-Copia do auto xudicial de adopción
- 4.-Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade.
- 5.-Compromiso de seguir empadroados no Concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.
- 6.-Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- 7.-Certificación dos datos bancarios donde se pretenda recibir o importe da axuda.

Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ó que se produxo o nacemento ou adopción e finalizará o 30 de novembro de 2013

## **5. ÓRGANOS DE RESOLUCION E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.**

- 1.-A resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polo departamento de servizos sociais, competirá á Xunta de Goberno Local
- 2.-O prazo para resolver será DUN MES desde a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

## **6. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.**

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

## **7. FINANCIACIÓN.**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 23.48000 do orzamento municipal para o 2013 orzamento municipal, ata un total de 2.000 euros para o exercicio.

## **8. NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2013, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21

de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións de axuda á natalidade do ano 2012.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 8 artigos , unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o .. de abril de 2013.

#### **ANEXO I**

#### **AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE**

Nome e apelidos do solicitante:

DNI n.º:

Enderezo:

Teléfono:

Datos do cónxuxe ou parella (se é o caso):

Nome e apelidos:

DNI n.º:

Datos do fillo/a:

Nome e apelidos:

Data de nacemento ou adopción:

#### **DATOS BANCARIOS**

Caixa ou Banco:

Sucursal:

N.º Conta (con tódolos díxitos):

Titular:

DNI:

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

Boimorto, ... de ... do ...

Alcalde-Presidente do Concello de Boimorto

**COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPLIMENTO DALGUN REQUISITO**

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

COMPROMÉTOME

- A seguir empadroado e con residencia efectiva, tanto eu como o meu fillo e o meu cónxuxe ou parella, no concello de Boimorto por un período mínimo de catro anos.

- Á devolución desta axuda por si se incumpriera algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que teño solicitada a axuda de ... en ...

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/a ..., con DNI n.º ... e domicilio en ...

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

Así o fago constar donde conveña.

Boimorto, ... de ... do ...

Asdo.:

#### **4.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR**

Pola secretaria dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

#### **<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR**

#### **Vista a Ordenanza con BASES REGULADORAS PARA A ANUALIDADE 2013: PARA OUTORGAMIENTO DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR**

Visto que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta Alcaldía, propónse ó Concello en Pleno aceptar a urxencia desta proposición sen ditaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda para transporte escolar da anualidade 2012, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas para transporte escolar que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido, á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

#### **ANEXO:**

.....

Explica brevemente a Alcaldía esta subvención.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de axuda para transporte escolar da anualidade 2012, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases de concesión de axudas para transporte escolar que se transcribe como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.-** Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edito ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido, á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

## **ANEXO:**

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DIRIXIDO ÁS FAMILIAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR.**

#### **1.-OBXECTO.**

É obxecto da presente ordenanza regular bases e convocatoria pública por parte do Concello de Boimorto, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas a familias para facer fronte ós gastos de transporte escolar para o curso académico 2012-2013.

#### **2.-REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado/a no Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- b) Cursar estudos de Bacharelato ou Formación profesional, para os que sexa necesario desprazarse fóra do Concello de Boimorto durante a totalidade do curso lectivo.
- c) Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Boimorto.
- d) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Boimorto no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- e) Así como cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non se admitirán a trámite as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

### **3.-CONTÍA DAS SUBVENCÍONS.**

A subvención acadará os 200 euros por alumno e ano académico.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto prorratearase entre as solicitudes admitidas.

### **4.-DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA.**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase crédito na partida orzamentaria 32.48900 do Concello de Boimorto, por importe total de 3.000 euros.

### **5.-DOCUMENTACIÓN.**

Para a solicitude da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto a seguinte documentación:

- a) Solicitude normalizada (anexo I).
- b) Fotocopia do DNI do pai, nai ou titor.
- c) Fotocopia do resgardo da matrícula correspondente ó curso 2012/2013.
- d) Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social (anexo II).
- e) Certificación da conta bancaria designada para o ingreso da axuda.

### **6.-PRAZO.**

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. O prazo terá carácter improrrogable.

### **7.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todos os solicitantes (con límite na disponibilidad orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 3 e que darase prioridade as solicitudes con número de rexistro de entrada no Concello anterior. Poderá acordarse a distribución equitativa para atender a tódalas solicitudes por importe inferior a 200 € de forma motivada.

### **8.-TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES.**

Recibidas as solicitudes e comprobados os requisitos, a Xunta de Goberno Local, previo informe da educadora familiar con proposta de beneficiarios adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

### **9.-OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

- a) Estar empadroados no Concello de Boimorto. Este extremo comprobarase de oficio polo propio Concello.
- b) Asistir ás clases. Para acreditar este extremo, no mes de xuño remitarase ó Concello de Boimorto unha certificación expedida polo colexio onde se acredite a asistencia.
- c) Comunicarlle ó Concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.
- d) Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

#### **10.-NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN.**

Unha vez concedida a subvención, procederase a súa notificación a tódolos solicitantes nun prazo máximo de 15 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderanse formular os recursos que procedan.

#### **11.-DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN.**

A xustificación da subvención farase ca presentación no Rexistro xeral do concello do seguinte documento:

- a) Certificación do colexio onde se atope matriculado o estudante nos termos do apartado 9.
- b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. No suposto de non presentala, entenderase que o beneficiario non obtivo ningunha.

#### **12.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.**

12.1.-No mes de agosto de 2013 presentarase a xustificación nos termos establecidos nesta convocatoria. Este prazo é improrrogable e finaliza o 31/8/2013.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía.

Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

12.2.-O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificado o obxecto da subvención.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso propondrá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo beneficiario.

#### **13.-REINTEGRO.**

13.1.-Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- Demáis supostos previstos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

13.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a cancelación da subvención e a obriga do reintegro das cantidades recibidas.

.- Procederá a revocación da subvención e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do abono da subvención ou axuda, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar.
- b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da subvención ou axuda sen reunir as condicións requiridas para elo ou o incumprimento de obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.
- c) Incumprimento da finalidade para a que se concedeu, dado que as subvencións ou axudas de toda índole non poderán ser aplicadas a actividades distintas para as que foron outorgadas, o cal poderá ser verificado polo Ilmo. Concello de Boimorto.
- d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

2.- Nos casos anteriormente sinalados o Ilmo. Concello de Boimorto poderá esixir o reintegro do importe total ou parcial da subvención ou axuda ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias ás que tivese dereito a Entidade, con independencia das responsabilidades a que haxa lugar.

.- Así mesmo, procederá o reintegro do exceso, nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o coste da actividade a desenvolver polo beneficiario.

.- As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e a súa cobranza levarase a efectos segundo o establecido para este tipo de ingresos na normativa de aplicación ás entidades locais.

#### **14.-COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de becas ou subvencións, agás as que se entreguen coa mesma finalidade.

#### **15.- NORMATIVA SUPLETORIA.**

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o 2012, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de réxime local aplicable.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións do ano 2012.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 15 artigos unha disposición derogatoria e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o .... de abril de 2013.

### **ANEXO I**

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA TRANSPORTE ESCOLAR. ANUALIDADE 2012 CONCELLO DE BOIMORTO**

#### **I.- DATOS DO ALUMNO**

Denominación <input type="checkbox"/>	DNI: Data nacemento:
Enderezo a efectos de notificación <input type="checkbox"/>	
Teléfono/s de contacto	CP <input type="checkbox"/>
Nome apelidos do pai nati ou titor <input type="checkbox"/>	
DNI	Teléfono <input type="checkbox"/>

#### **II.- TRANSPORTE**

**PERCORRIDO A REALIZAR** \_\_\_\_\_

**TRANSPORTE EMPREGADO** \_\_\_\_\_

**¿ CANTAS VIAXES REALIZAS Ó DIA?**

**¿ CANTAS A SEMANA?**

#### **III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA**

.-

.-

.-

**Boimorto** , \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

**Sinatura**•

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO**

**ANEXO II**

**DECLARACIÓNS REALIZADAS POR REPRESENTANTE/S**

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ como representante (ou representante maior de idade)

**DECLARA:**

- .-Que estou ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- .-Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitacion para a obtención de subvencións conforme o Regulamento de Creación de Ficheiros de Datos de Carácter Persoal do Concello de Boimorto.
- .-Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coas subvención solicitada, proceden de:

Entidade Concedente	Cantidade solicitada	Cantidade concedida

**NINGUNHA OUTRA AXUDA ( marcar este recadro en caso afirmativo)**

\_\_\_\_\_ ,o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

**Sinatura:**

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO**

**5.- PROPOSICIÓN APROBACIÓN MODIFICACIÓN DOS ANEXOS DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO E CREACIÓN DUN NOVO FICHEIRO**

Pola secretaria dáse lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día cuxa urxencia e tratamento e aceptada polo Pleno municipal por unanimidade con 11 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto, e que a continuación se reproduce literalmente:

**<<PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ANEXOS DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO E CREACIÓN DE UN NOVO FICHEIRO.**

Visto a necesidade de modificación do Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto ( A Coruña )

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Sendo necesaria a adaptación do regulamento de creación do acordo municipal de modificación do Regulamento de creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Boimorto (A Coruña), aprobar as modificacións e creación de novo ficheiro que se recollen no anexo a seguinte proposta

**SEGUNDO.-** Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello

**TERCEIRO.-** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto, a dezanove de abril de dous mil trece

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez.

#### **ANEXO MODIFICACIÓN DOS ANEXOS DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL DO CONCELLO DE BOIMORTO E CREACIÓN DE UN NOVO FICHEIRO**

En vista do escrito da Axencia de Protección de Datos recibido neste Concello en data 18 de febreiro de 2013 con numero de rexistro de entrada 2013/234 e visto que se detectaron algúns erros no regulamento elevado ao pleno o 28/06/2012.

Relaciónanse a continuación as modificacións que se propoñen:

- **Ficheiro A, “Agentes de promoción económica” e “Participantes en acciones de promoción de empleo”.**

